40. *A Seguridade Social en España. Evolución e prestacións actuais. Pensións contributivas e non contributivas. O ingreso mínimo vital.*
41. *Planificación e programación da intervención social. Fases do proceso de planificación. Elementos e técnicas da programación. Organización e xestión dos recursos.*
42. *Adicións. Conceptos básicos. Clasificación. Lexislación e marco institucional. Estratexia nacional sobre drogas 2017-2024. Axudas individuais para o tratamento de drogodependencias en comunidades terapéuticas da Comunidade Autónoma Galega.*
43. *O voluntariado social. Aspectos legais. Estatuto xurídico do voluntariado. O seu papel nos servizos sociais.*
44. *Fundamentos e obxectivos do Plan concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas dos servizos sociais comunitarios nas corporacións locais.*
45. *A saúde mental comunitaria: definición e características. Aspectos sociais e legais para ter en conta na intervención social con persoas con problemas de saúde mental. Saúde mental positiva.*
46. *Senfogarismo en Europa: concepto e problemática. Resolución de 24 de novembro de 2020 do Parlamento Europeo sobre como abordar as porcentaxes de persoas sen fogar na Unión Europea. Recursos a mobilizar desde os servizos sociais municipais.*
47. *Vivenda: recursos públicos para o acceso a unha vivenda.*
48. *O desemprego: a súa incidencia nos servizos sociais. O papel do traballador social.*
49. *A animación sociocultural. Plan galego de inclusión social.*
50. *Organizacións non gobernamentais. Concepto. Tipos. Organización e coordinación coas distintas administracións.*
51. *Organización dos servizos sociais do Concello de Culleredo. Recursos sociais e prestacións existentes no Concello de Monforte de Lemos*
52. *Expediente social único. Apoio informático nos servizos sociais: SIUSS e MATIASS. Historia social única."*
- Monforte de Lemos, 27 de decembro de 2021.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3679

## A PONTENOVA

### Anuncio

#### **LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE NOVEMBRO 2021.**

Por Resolución de alcaldía do 22 de decembro de 2021 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 14 de xaneiro de 2022 ao 14 de marzo 2022**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 14 de xaneiro de 2022 ao 14 de marzo de 2022**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde

A Pontenova, 22 de decembro de 2021.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3680

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### Anuncio

O pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 29 de novembro de 2021, aprobou inicialmente o Orzamento consolidado, Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2022 do Concello e da Fundación municipal "TerrEo". Conforme ao artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resulta definitivamente aprobado o Orzamento consolidado, Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2022 do Concello e da Fundación municipal "TerrEo". En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que o dito orzamento consolidado ascende en gastos e ingresos a 1.146.995,60 euros. Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan segundo o seguinte detalle:

### ORZAMENTO DO CONCELLO:

#### ESTADO DE GASTOS

| Capítulos | Denominación                        | Euros        |
|-----------|-------------------------------------|--------------|
|           | A) Operacións correntes             |              |
| 1         | Gastos de persoal                   | 785.000,00   |
| 2         | Gastos en bens correntes e servizos | 209.587,10   |
| 3         | Gastos financeiros                  | 0,00         |
| 4         | Transferencias correntes            | 39.839,50    |
|           | B) Operacións de capital            |              |
| 6         | Inversións reais                    | 40.408,50    |
| 7         | Transferencias de capital           | 12.160,50    |
| 8         | Activos financeiros                 | 0,00         |
| 9         | Pasivos financeiros                 | 0,00         |
|           | SUMA TOTAL DE GASTOS                | 1.086.995,60 |

#### ESTADO DE INGRESOS

| Capítulos | Denominación                             | Euros      |
|-----------|------------------------------------------|------------|
|           | A) Operacións correntes                  |            |
| 1         | Impostos directos                        | 151.500,00 |
| 2         | Impostos indirectos                      | 2.000,00   |
| 3         | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 133.050,00 |
| 4         | Transferencias correntes                 | 760.037,10 |
| 5         | Ingresos patrimoniais                    | 0,00       |

|   |                                 |              |
|---|---------------------------------|--------------|
|   | B)Operacións de capital         |              |
| 6 | Enaxenación de inversións reais | 0,00         |
| 7 | Transferencias de capital       | 40.408,50    |
| 8 | Activos financeiros             | 0,00         |
| 9 | Pasivos financeiros             | 0,00         |
|   | SUMA TOTAL DE INGRESOS          | 1.086.995,60 |

**CADRO DE PERSOAL DESTA ENTIDADE PARA O 2022**

| A.-Funcionarios de Carreira |                                        | Nº prazas | Grupo | Nivel | S.I.T |
|-----------------------------|----------------------------------------|-----------|-------|-------|-------|
| 1.                          | Secretario*                            |           |       |       |       |
| 2.                          | Escala de Administración Xeral         |           |       |       |       |
| 2.1.                        | Subescala Administrativa               |           |       |       |       |
| 2.1.a.                      | Administrativo                         | 1         | C1    | 22    | O     |
| 3.                          | Escala de Administración Especial      |           |       |       |       |
| 3.1.                        | Subescala de Servizos Especiais        |           |       |       |       |
| 3.1.a.                      | Operario Servizos Múltiples. Conductor | 1         | C2    | 18    | O     |
| 3.1.b.                      | Alguacil Porteiro                      | 1         | A.P.  | 14    | V.D.  |

\* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

**SIGLAS UTILIZADAS EN LA RELACIÓN DE LA PLANTILLA DE PERSONAL.**

S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

**B.- Persoal Laboral Fixo.- 1 Traballador/a social**

**C.- Persoal Eventual.- Ningún**

**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO**

| DENOMINACIÓN                                                                                                                                | R.J | D.O.T | N.C.D | C.E.M  | T.P | ADSCRIPCIÓN |        |          | TIT.<br>ACADEM. | S.I.T |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|-------|-------|--------|-----|-------------|--------|----------|-----------------|-------|
|                                                                                                                                             |     |       |       |        |     | Grupo       | Escala | Subesc.  |                 |       |
| Secretario *                                                                                                                                |     |       |       |        |     |             |        |          |                 |       |
| Administrativo.                                                                                                                             | F   | 1     | 22    | 874,95 | NS  | C1          | A.G.   | A.D.     | 1               | O     |
| Operario<br>Servizos<br>Múltiples.<br>Conductor.<br><br>Encargado do<br>parque de<br>vehículos e apoio<br>ás tarefas básicas<br>en oficinas | F   | 1     | 18    | 533,55 | NS  | C2          | A.E.   | S.E.C.   | 2               | O     |
| Alguacil Porteiro.                                                                                                                          | F   | 1     | 14    | 373,88 | NS  | A.P.        | A.E.   | S.E.A.P. | 3               | V.D.  |

\* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

**SIGLAS EMPREGADAS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO**

R.J= Réxime Xurídico(F= Funcionario); D.O.T=Dotación; N.C.D=Nivel Complemento Destino; C.E.M= Complemento Esp. Mensual; T.P.=Tipo de Posto (NS = No Singularizado); Escala ( A.G.=Escala Administración Xeral, A.E=Escala Administración Especial); Subescala (A.D.=Administrativa, S.E.A.P.=Servizos Especiais Alguacil-porteiro, S.E.C.=Servizos Especiais Conductor); Titulación Académica (1= Titulación Específica Grupo C1, 2=Titulación Específica Grupo C2, 3= Titulación Específica Agrupacións Profesionais); S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

**ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2022**

PERSONAL LABORAL CONTRATADO TEMPORALMENTE PARA OS DISTINTOS SERVIZOS, ASÍ COMO O CONTRATADO CONFORME ÁS SUBVENCIÓNS OU CONVENIOS CONCERTADOS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

| PUESTO                                         | Nº PUESTOS | CARACTERÍSTICAS |
|------------------------------------------------|------------|-----------------|
| Auxiliar axuda no fogar                        | 9          | Tempo Completo  |
| Persoal programa Depuemprego                   | 2          | Tempo Completo  |
| Persoal programa Aprod Rural                   | 1          | Tempo Completo  |
| Técnico en orientación laboral                 | 1          | Tempo Completo  |
| Axente de emprego e desenvolvemento rural      | 1          | Tempo Completo  |
| Oficial de 1ª Fontaneiro                       | 1          | Tempo Completo  |
| Oficial de 1ª Electricista                     | 1          | Tempo Completo  |
| Oficial de 1ª Carpinteiro                      | 1          | Tempo Completo  |
| Persoal do Obradoiro de Emprego "O Castro VII" | 24         | Tempo Completo  |

**ORZAMENTO DA FUNDACIÓN MUNICIPAL "TERREO":****ESTADO DE GASTOS**

| Capítulos | Denominación                        | Euros     |
|-----------|-------------------------------------|-----------|
|           | A) Operacións correntes             |           |
| 1         | Gastos de persoal                   | 30.000,00 |
| 2         | Gastos en bens correntes e servizos | 17.839,50 |
| 3         | Gastos financeiros                  | 0,00      |
| 4         | Transferencias correntes            | 0,00      |
|           | B) Operacións de capital            |           |
| 6         | Inversións reais                    | 12.160,50 |
| 7         | Transferencias de capital           | 0,00      |
| 8         | Activos financeiros                 | 0,00      |
| 9         | Pasivos financeiros                 | 0,00      |
|           | SUMA TOTAL DE GASTOS                | 60.000,00 |

**ESTADO DE INGRESOS**

| Capítulos | Denominación                             | Euros     |
|-----------|------------------------------------------|-----------|
|           | A) Operacións correntes                  |           |
| 1         | Impostos directos                        | 0,00      |
| 2         | Impostos indirectos                      | 0,00      |
| 3         | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 0,00      |
| 4         | Transferencias correntes                 | 47.839,50 |
| 5         | Ingresos patrimoniais                    | 0,00      |
|           | B) Operacións de capital                 |           |
| 6         | Enaxenación de inversións reais          | 0,00      |
| 7         | Transferencias de capital                | 12.160,50 |
| 8         | Activos financeiros                      | 0,00      |
| 9         | Pasivos financeiros                      | 0,00      |
|           | SUMA TOTAL DE INGRESOS                   | 60.000,00 |

Ribeira de Piquín, 29 de decembro de 2021.-Alcalde, Roberto Fernandez Rico.

R. 3726

## SOBER

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 23 de decembro de 2021 o Orzamento municipal para o exercicio 2022, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arranxo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles –que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP- co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O devandito documento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sober, 23 de decembro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3681

## TRIACASTELA

### *Anuncio*

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións e así dispoñelo o acordo plenario de data 30 de setembro de 2021, de aprobación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Triacastela, cuxo texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, e 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO CONCELLO DE TRIACASTELA**

#### **ARTIGO 1. Fundamento legal**

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co establecido no artigo 15 en concordancia co artigo 59.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, regula neste termo municipal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 92 a 99 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **ARTIGO 2. Natureza e feito imponible**

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un Tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que houbera sido matriculado nos Rexistros públicos correspondentes e mentres non cause baixa nos mesmos. Aos efectos deste Imposto, tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

Polo tanto, constitúe o feito imponible a titularidade de vehículos gravados polo imposto, aptos para circular por vías públicas, a nome da persoa ou entidade que conste no permiso de circulación daquel

3. Non están suxeitos ao Imposto:

a) Os vehículos que, sendo dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ás desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 kg.

#### **ARTIGO 3. Exencións**

1. Estarán exentos do Imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.



b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos Organismos Internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A de o Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro. Trátase de vehículos cuxa tara non é superior a 350 kg e que, por construción, non poden alcanzar en chairo unha velocidade superior a 45 km/h, proxectados e construídos especialmente (e non meramente adaptados) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste parágrafo, consideraranse persoas con discapacidade quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33%.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a de o condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio.

Os interesados deberán acompañar á súa solicitude a seguinte documentación:

a) No suposto de vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo:

Fotocopia compulsada do permiso de circulación a nome do minusválido

Fotocopia compulsada do Certificado de Características Técnicas do Vehículo.

Fotocopia compulsada do carné de conducir (anverso e reverso) do minúsválido ou condutor habitual.

Fotocopia compulsada da declaración administrativa de invalidez ou diminución física expedida polo Organismo ou Autoridade competente, acreditando unha minusvalía igual ou superior ó 33%.

Declaración ou manifestación do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención

b) No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícola:

Fotocopia compulsada do permiso de circulación.

Fotocopia compulsada do Certificado de Características Técnicas do Vehículo.

Fotocopia compulsada da Cartilla de Inscripción Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.

Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase documento que acredite a súa concesión.

#### **ARTIGO 4. Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

#### **ARTIGO 5. Cota**

O cadro de tarifas vixente neste Municipio será o seguinte:

| Clase de vehículo e potencia   | Cota (Euros) |
|--------------------------------|--------------|
| A) Turismos                    |              |
| De menos de 8 cabalos fiscais  | 12,65        |
| De 8 até 11,99 cabalos fiscais | 34,08        |

|                                                                              |        |
|------------------------------------------------------------------------------|--------|
| De 12 até 15,99 cabalos fiscais                                              | 71,94  |
| De 16 até 19,99 cabalos fiscais                                              | 89,61  |
| De 20 cabalos fiscais en diante                                              | 112,00 |
| B) Autobuses                                                                 |        |
| De menos de 21 prazas                                                        | 83,30  |
| De 21 a 50 prazas                                                            | 118,64 |
| De máis de 50 prazas                                                         | 148,30 |
| C) Camións                                                                   |        |
| De menos de 1000 kg de carga útil                                            | 42,28  |
| De 1000 a 2999 kg de carga útil                                              | 83,30  |
| De máis de 2999 a 9999 kg de carga útil                                      | 118,64 |
| De máis de 9999 kg de carga útil                                             | 148,30 |
| D) Tractores                                                                 |        |
| De menos de 16 cabalos fiscais                                               | 17,67  |
| De 16 a 25 cabalos fiscais                                                   | 27,77  |
| De máis de 25 cabalos fiscais                                                | 83,30  |
| E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica |        |
| De menos de 1000 e máis de 750 kg de carga útil                              | 17,67  |
| De 1000 a 2999 kg de carga útil                                              | 27,77  |
| De máis de 2999 kg de carga útil                                             | 83,30  |
| F) Outros vehículos                                                          |        |
| Ciclomotores                                                                 | 4,42   |
| Motocicletas até 125 cm <sup>3</sup>                                         | 4,42   |
| Motocicletas de máis de 125 até 250 cm <sup>3</sup>                          | 7,57   |
| Motocicletas de máis de 250 a 500 cm <sup>3</sup>                            | 15,15  |
| Motocicletas de máis de 500 a 1000 cm <sup>3</sup>                           | 30,29  |
| Motocicletas de máis de 1000 cm <sup>3</sup>                                 | 60,58  |

**ARTIGO 6.** Bonificacións

Segundo o establecido no artigo 95.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establécense as seguintes bonificacións:

Unha bonificación do 100 % a favor dos vehículos históricos ou aqueles que teñan una antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñece, tomando como tal a de a súa primeira matriculación ou, na súa falta, a data en que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar, nos termos previstos no artigo 1 do Regulamento de Vehículos Históricos, aprobado por Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo.

Esta bonificación deberá ser solicitada polo suxeito pasivo a partir do momento no que se cumpran as condicións esixidas para o seu disfrute.

#### **ARTIGO 7: Periodo Impositivo e Devengo**

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición de vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.
2. O Imposto devéngase o primeiro día do período impositivo.
3. O importe da cota do Imposto se prorrateará por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por substracción ou roubo do vehículo, e iso desde o momento en que se produza dita baixa temporal no Rexistro Público correspondente.

Cando cumpra o prorrateo da cota por alta do vehículo, o suxeito pasivo virá obrigado a satisfacer a parte da devandita cota correspondente aos trimestres do ano que restan por transcorrer incluído aquel no que teña lugar a referida alta.

Cando cumpra o prorrateo por baixa temporal ou definitiva do vehículo, o suxeito pasivo virá obrigado a satisfacer a parte da cota correspondente aos trimestres do ano que transcorran incluído aquel no que teña lugar a referida baixa.

Cando o Concello coñeza a baixa do vehículo antes da elaboración do documento cobratorio, o Imposto liquidarase co prorrateo da cota que corresponda.

Cando a baixa do vehículo teña lugar con posterioridade á elaboración do documento cobratorio e fíxose efectivo o pago do Imposto, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución da parte da cota correspondente.

Nos supostos de transferencia ou cambio de domicilio con transcendencia tributaria a cota será irreducible e o obrigado ao pago do Imposto será quen figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro e nos casos de primeira adquisición o día en que se produza dita adquisición.

#### **ARTIGO 8. Xestión**

##### **Xestión**

1. Corresponde a este Concello a xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria dos vehículos que, nos correspondentes permisos de circulación, consten domiciliados no Municipio de Triacastela, con base no disposto no artigo 97 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

2. Anualmente formarase un Padrón no que figuren os contribuintes afectados e as cotas respectivas que se liquiden por aplicación da presente Ordenanza.

As modificacións do Padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro de Tráfico e nas Comunicacións da Xefatura de Tráfico relativas a altas, baixas, transferencias, reformas dos vehículos, sempre que se altere a súa clasificación a efectos deste Imposto, e cambios de domicilio.

O Padrón do Imposto exporase ao público para que os interesados poidan formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público do Padrón anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Finalizado o prazo de pago voluntario sen que a débeda se satisfíxese, iniciárase o período executivo de recadación, o que comporta o devengo da recarga do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos intereses de demora correspondentes.

A devandita recarga será do 5% cando a débeda se ingrese antes de que sexa notificada ao debedor a Providencia de prema, e do 10% cando se satisfaga a totalidade da débeda e a propia recarga antes da finalización do prazo previsto no apartado 5 do artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Non entanto, unha vez abonada a cota do Imposto, se algún contribuínte se cre con dereito á devolución poderá solicitala dentro do prazo determinado ao efecto e por algunha das causas previstas na Lexislación vixente.

2. Altas, baixas, reformas dos vehículos cando se altera a súa clasificación aos efectos do Imposto, transferencias e cambios de domicilio.

1. Quen soliciten ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular dun vehículo deberán acreditar previamente o pago do Imposto.

2. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste Imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa dos devanditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do Imposto, sen prexuízo de que sexa exigible por vía de xestión e inspección o pago de todas as débedas por devandito concepto devindicadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

3. As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes, se non se acredita o pago do Imposto nos termos establecidos nos apartados anteriores.

3. Substracción de vehículos.

No caso de substracción de vehículos, previa solicitude e xustificación documental, poderá concederse a baixa provisional no Imposto con efectos desde o exercicio seguinte á substracción, prorrateándose a cota do exercicio da substracción por trimestres naturais.

A recuperación do vehículo motivará a continuación da obrigación de contribuír desde á devandita recuperación. Para ese efecto os titulares dos vehículos deberán comunicar a súa recuperación á Policía Municipal no prazo de quince días desde a data en que se produza, a que dará traslado da recuperación á oficina xestora do Tributo.

#### **ARTIGO 9. Réxime de Infraccións e sancións.**

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

As modificacións producidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento do presente Imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA**

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o trinta de setembro de 2021, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do ano 2022, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Triacastela, 23 de decembro de 2021.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 3682

## **O VALADOURO**

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PARA ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ DE SUBSTITUTO DO VALADOURO**

Próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou Xuíz de Paz substituto deste municipio, en cumprimento do disposto no artigo 101 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, Orgánica do Poder Xudicial, publícase a seguinte Convocatoria:

1. **OBJECTO:** Elección de Xuíz de Paz do municipio do Valadouro polo Pleno do Concello.
2. **CONDICIÓN LEGAIS QUE TEÑEN QUE CUMPRIR OS ASPIRANTES:** Ser español/a, maior de idade e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade previstas no artigo 303 da lei orgánica do Poder Xudicial
3. **INCOMPATIBILIDADES:** As causas de incompatibilidade a que se refiren os artigos 389 e seguintes da citada lei orgánica operarán con posterioridade ao nomeamento mediante opción que efectúe o nomeado. O exercicio de actividades profesionais ou mercantís non constitúen causa de incompatibilidade.
4. **PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:** Quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
5. **DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ENGADIRSE COAS SOLICITUDES:**

Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do Documento Nacional de Identidade

Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psíquicamente para a función xudicial.

Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de conduta cidadá a que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, referente a se se atopa inculpado ou procesado.

Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

6. LUGAR DE PRESENTACIÓN: No Rexistro Xeral deste Concello, en días laborables, de nove a catorce horas, previa cita, ou na Sede electrónica do Concello.

No caso de non presentarse solicitudes o Pleno da Corporación elixirá libremente, comunicando o acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do Partido Xudicial.

O Valadouro, 23 de decembro de 2021.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3683

---

## XOVE

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2.022, en sesión ordinaria celebrada o 23 de decembro de 2021, e documentación que se acompaña, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles- que empezará a contarse desde o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Xove, 23 de decembro de 2021.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3684